



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/g/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.: TRIB

ACTA NÚMERO 8: PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE CINCO PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1, CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2021, 2022 E 2023 DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS. PROPOSTA DE NOMEAMENTO. LISTA DE RESERVA.

Na Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, as 11:00 horas do día 13/11/2024, reúnen-se as persoas compoñentes do Tribunal constituído en sesión de data 14/05/2024 e que xulga o procedemento de selección para a cobertura de cinco prazas de funcionario/a de carreira, escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C, subgrupo 1, OEP 2021, 2022 e 2023.

Asisten á sesión de forma presencial e telemática:

Presidencia:

Cristina Morán Monzo, funcionaria con habilitación de carácter nacional.

Vogalías:

Paula Esperanza Ramos Díaz, funcionaria con habilitación de carácter nacional (telemáticamente).

Federico María Suárez Cancelo, funcionario con habilitación de carácter nacional (telemáticamente).

José Ángel Balseiro Amido, funcionario con habilitación de carácter nacional (telemáticamente).

Secretaría:

Marina Núñez Orjales, funcionaria con habilitación de carácter nacional (telemáticamente).

A presidenta do tribunal explica que transcorrido o período de alegacións aberto o día 30/10/2024, tras a publicación do anuncio coa identidade de cada aspirante co seu código identificativo, respecto do terceiro exame (suposto práctico) do expediente de selección de cinco prazas de funcionario/a de carreira, escala de administración xeral, subescala administrativa, presentáronse dúas alegacións.

Incide en que dous dos aspirantes solicitaron copia do seu exame; así, Jesús Manuel Soto Vivero solicitouna o día 29/10/2024 (RE núm. 202499900004049) e recibíuna o día 30/10/2024; e Brais Pérez Rey solicitouna o día 29/10/2024 (RE núm. 202499900004052), téndoa recibido o día 30/10/2024. O aspirante Brais Doval Pazos solicitou as actas das puntuacións dos anteriores exames o día 29/10/2024 (RE núm. 202499900004033) e as recibiu o día 30/10/2024.

As alegacións formuladas son as seguintes:

Número de alegación:	1
----------------------	---



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/g/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.: TRIB

Número de rexistro de entrada	202499900004081
Data de rexistro de entrada	01/11/2024
Alegante	Laura Orizales Queijas
Cuestións alegadas	<p>En canto á primeira pregunta do primeiro suposto, cualificada con 0 puntos sobre 1 punto, alega que a súa resposta está fundamentada no suposto concreto do enunciado e que si se pretendía formular a pregunta nun suposto xenérico debería especificarse doutra forma; refire os artigos 82.2 e 83 do ROF e o artigo 47.3 da LRBRL.</p> <p>Respecto da segunda pregunta do cuarto suposto, cualificada con 0,400 sobre 1 punto, alega que referiu no seu exame as modificacións relativas ao crédito extraordinario e ao suplemento de crédito polo que considera a puntuación insuficiente respecto do total da pregunta.</p>
RESOLUCIÓN	<p><u>Primeira pregunta do segundo suposto:</u></p> <p>A resposta contida no exame non é correcta ao limitarse a reproducir o artigo 82.2 do ROF e o correlativo do ROM. A aspirante non conclúe si é válida ou non a inclusión do asunto na orde do día; non se alude á posibilidade que contempla o artigo 82.3 do ROF de inclusión de asuntos na orde do día previa ratificación da súa inclusión por razóns de urxencia debidamente motivada, nin razoa que de non motivarse a urxencia non sería correcta a inclusión na orde do día. O Tribunal non estima valorable a reprodución parcial dun artigo sen emitir un xuízo de valor.</p> <p>Na alegación a aspirante considera aplicable o artigo 83 do ROF, referido a asuntos non incluídos nas convocatorias (mocións), co que incluso ao formular a alegación amosa confusión co concepto das proposicións reguladas no artigo 97.2 do ROF.</p> <p>O Tribunal desestima a alegación polo motivo exposto.</p> <p><u>Segunda pregunta do cuarto suposto:</u></p> <p>A aspirante cita no exercicio o crédito extraordinario e o suplemento de crédito; non refire as modificacións relativas ás transferencias de crédito.</p>



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.: TRIB

	A pesar de que o desenvolvemento da pregunta é moi escueto o Tribunal estima que pódense outorgar 0,100 puntos ao ter citado as MP do artigo 35 do RD 500/1990; o exercicio non pode obter maior puntuación dada a ausencia de mención das transferencias de crédito.
--	---

Número de alegación:	2
Número de rexistro de entrada	202499900004166 e 202499900004167, con idéntico contido
Data de rexistro de entrada	06/11/2024
Alegante	Brais Pérez Rey
Cuestións alegadas	<p>En canto á terceira pregunta do segundo suposto, cualificada con 0,800 sobre 2 puntos, alega que incluíu de forma indirecta o segundo requisito ao mencionar o certificado electrónico de representante e afirma que o vicio derivado dunha presentación presencial cando se está obrigado a relacionarse electronicamente non é emendable na actualidade.</p> <p>Respecto da primeira pregunta do terceiro suposto, cualificada cun 0,900 sobre 1 punto, alega que cita a letra h) do artigo 142.2 da LSG e non a letra b) do mesmo artigo (reflicte unha comparativa da caligrafía); estima que a letra h) tamén resultaría de aplicación para fundamentar a solicitude de licenza dunha vivenda unifamiliar.</p>
RESOLUCIÓN	<p><u>Terceira pregunta do segundo suposto:</u></p> <p>No exercicio dise que un dos vicios é a presentación no rexistro municipal presencialmente “y no en sede electrónica con certificado electrónico de representante”. O aspirante non fundamenta a necesidade de actuar como representante dunha persoa xurídica no artigo 5 da LPAC que é o que o Tribunal estima correcto; a representación dunha persoa xurídica non exige necesariamente a presentación en sede con certificado electrónico de representante sendo este último so un medio entre os que cita o artigo 32 do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo.</p> <p>En canto á non posibilidade de subsanación,</p>



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.: TRIB

	<p>acláraselle ao aspirante que a subsanación electrónica é obrigada, tendo unicamente efectuado a xurisprudencia do TS unha interpretación do inciso final do art. 68.4 LPAC en canto á data de efectos da subsanación.</p> <p>O Tribunal desestima a alegación polo motivo exposto.</p> <p><u>Primeira pregunta do terceiro suposto:</u></p> <p>Ademais de non ser evidente nin indiscutible que se teña escrito unha h) e non unha b) á vista doutras “b” contidas no exame (exemplo nas verbas “deben” ou “hábiles” da segunda pregunta do segundo suposto), o Tribunal considera que a letra h) do artigo 142.2 da LSG non é de aplicación. Este artigo refire a necesidade de licenza para a implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente. Estas instalacións veñen referidas a obras diferentes das construcións ou edificacións (módulos prefabricados ou similares) que nada teñen que ver co suposto plantexado no exercicio práctico “construír unha vivenda unifamiliar nun solar”, o cal so se pode encaixar na letra a) do artigo 142.2 da LSG; a aplicación da letra h) reflicte maior falta de coñecemento da normativa urbanística de aplicación.</p> <p>Por iso, desestimase a alegación.</p>
--	---

Unha vez resultas as alegacións, tendo rematado o proceso selectivo, as cualificacións definitivas das persoas aspirantes que superaron todas as probas selectivas, son as seguintes:

DNI	ASPIRANTE	CUALIFICACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO	CUALIFICACIÓN SEGUNDO EXERCICIO	CUALIFICACIÓN TERCEIRO EXERCICIO	CUARTO EXERCICIO	TOTAL
***8114**	Sergio Quintía Manteiga	9.25	5.50	16.500	Apto	31.25
***0912**	Brais Doval Pazos	8.10	5.10	17.050	Apto	30.25
***8475**	Martina Gómez Martínez	8.35	7.70	14.000	Apta	30.05
***1730**	Jesús Manuel Soto Vivero	7.25	7.25	15.050	Apto	29.55
***5144**	Pablo José Lozano Pardiño	6.75	5.15	13.600	Apto	25.50
***1582**	Brais Pérez Rey	6.45	7.75	11.200	Apto	25.40



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/g/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.: TRIB

***7369**	Laura Orizales Queijas	6.25	5.95	11	Apta	23.20
-----------	------------------------	------	------	----	------	-------

O tribunal propón, por unanimidade, a concelleira delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, á vista do disposto nas bases 7.3, 7.4 e Novena que rexeron na convocatoria do proceso selectivo:

1º) Nomear como persoal funcionario de carreira do concello das Pontes de García Rodríguez, pertencente á escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C, subgrupo 1, as seguintes persoas:

DNI	NOME
***8114**	Sergio Quintía Manteiga
***0912**	Brais Doval Pazos
***8475**	Martina Gómez Martínez
***1730**	Jesús Manuel Soto Vivero
***5144**	Pablo José Lozano Pardiño

2º) Formular a seguinte relación complementaria cos/as aspirantes finalistas que aprobaron o proceso selectivo pero que non se inclúen na proposta de nomeamento, para o seu posible nomeamento como funcionarios/as de carreira en caso de renuncia antes do nomeamento ou toma de posesión ou imposibilidade de nomeamento, de acordo co previsto no artigo 61.8 do TRLEBEP:

DNI	NOME
***1582**	Brais Pérez Rey
***7369**	Laura Orizales Queijas

3º) Requerir as persoas aspirantes propostas para ser nomeadas para que presenten a través da sede electrónica municipal do concello no prazo máximo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación desta acta co resultado do proceso selectivo no Taboleiro de anuncios electrónico do Concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), a documentación a que se refire a base novena reguladora da convocatoria.

4º) Formar a seguinte lista de reserva coas persoas aspirantes que aprobaron o primeiro exercicio para cubrir necesidades futuras na cobertura de postos ligados a prazas da mesma natureza que a convocada:

DNI	ASPIRANTE	PRIMEIRO EXERCICIO	SEGUNDO EXERCICIO	TERCEIRO EXERCICIO	CELGA IV/ equivalente	TOTAL
***1582**	Pérez Rey, Brais	6,45	7,75	11,200	Si	25,40
***7369**	Orizales Queijas, Laura	6,25	5,95	10,900	Si	23,20
***1232**	Carballo Rivera, María Isabel	5,60	8,50	5,300	Si	19,40
***1770**	Soto Enríquez, Genma	6,70	4,40	---	Si	11,10
***1493**	Ramos Siaba, María Magdalena	7,30	3,55	---	Si	10,85
***6148**	Carballido Roca, María Ángeles	5,95	4,50	---	Si	10,45
***4416**	López Álvarez, Ismael	6	4,40	---	Si	10,40
***5051**	Del Río Guerreiro, Inés	6,30	3,85	---	Si	10,15



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.: TRIB

***5370**	Martínez Martínez, Pilar	7,05	3,00	---	Si	10,05
***6418**	Rodríguez Núñez, María del Carmen	8,30	1,30	---	Si	9,60
***4404**	Salgado Vázquez, Natalia	5,65	3,70	---	Si	9,35
***0456**	Conesa Aledo, Yolanda	7,85	0,70		Si	8,55
***8594**	Coira López, María José	5,85	2,45	---	Si	8,30
***0265**	Rodríguez Vaamonde, María del Mar	7,55	0		Si	7,55
***9732**	Calvo Seoane, Ana María	7,25	0,20	---	Si	7,45
***0727**	García Gómez, María	7,40	NP	---	Si	7,40
***1437**	Iglesias Sánchez, Jesús Andrés*	6,50	0,85	---	Si	7,35
***8621**	Laso García, Nicolás*	6,60	0,75	---	Si	7,35
***4103**	López Ares, Lara*	7,30	NP	---	Si	7,30
***1715**	Ponte Reiriz, Iria*	7,30	NP	---	Si	7,30
***1390**	Albes Testa, Javier*	6,55	0,60	---	Si	7,15
***0812**	Carballeira Fernández, Noelia*	7,15	0	---	Si	7,15
***8140**	Armesto López, Raquel	6,95	NP	---	Si	6,95
***2178**	Carro Rodríguez, María de los Ángeles*	6,50	0	---	Si	6,50
***2047**	García Fraga, Andrea*	5,50	1,00	---	Si	6,50
***7748**	Seixido Gómez, Ana Belén	6,40	NP	---	Si	6,40
***3699**	Villadóniga Beceiro, July	5,40	0,50	---	Si	5,90
***2546**	Teixeira Fernández, Pamela	5,85	NP	---	Si	5,85
***6739**	Ríos Pena, Xesús Manuel	5,75	0	---	Si	5,75
***0299**	Seoane Grovas, Antía	5,50	0,20	---	Si	5,70
***9417**	González Pazos, Paula	5,35	NP	---	Si	5,35
***1653**	Felgueiras Caaveiro, María del Pilar	5,25	NP	---	Si	5,25
***8252**	García Muruais, Marcos*	5,05	0,10	---	Si	5,15
***9208**	Sueiras Martínez, Leticia*	5,15	NP	---	Si	5,15

* O empate dirímese atendendo á orde alfabética, de acordo coa base 7.4 da convocatoria.

Non habendo máis asuntos que tratar a presidenta rematou a sesión ás 11 horas e 50 minutos, estendéndose a presente acta da que eu, secretaria, dou fe.

O que se publica para coñecemento e efecto de todas as persoas interesadas participándolles que, contra o presente acordo, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación na sede electrónica do concello, o recurso de alzada ante o Tribunal ou ante a concellaría delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá do Concello das Pontes, todo iso de conformidade co disposto nos artigos



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/g/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.: TRIB

121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A presidenta do Tribunal

A secretaria do Tribunal